

John Napier (Neper) (Edimburgo, 1550-1617)



Matemático escocés, reconecido por descubrir os logaritmos. Tamén fixo común o uso do punto decimal nas operacións aritméticas.

En 1614 Napier publica a súa obra *Mirifici Logarithmorum Canonis Descriptio, ejusque usus in utroque Trigonometría; ut etiam in omni logística mathematica, amplissimi, facillimi, et expeditissimi explicatio*, en que dá a coñecer os logaritmos, que el chamou números artificiais.

Nesa obra promete unha explicación máis extensa sobre os logaritmos que a súa morte impediu publicar, pero que foi engadida polo seu fillo Roberto na segunda edición publicada en 1619.

Por mor dos logaritmos, as multiplicacións poden substituírse por sumas, as divisións por restas, as potencias por produtos, e as raíces por divisións, o que non só simplificou enormemente a realización manual dos cálculos matemáticos, senón que permitiu realizar outros que sen a súa invención non serían posibles.

O neper ou neperio (Np) é unha unidade de medida utilizada en telecomunicacións para expresar relacións entre voltaxes e intensidades.